



ATEGAL

Formación permanente e ocio
para **persoas adultas**

MEMORIA ACTIVIDADES 2022

SANTIAGO DE COMPOSTELA

A CORUÑA, FERROL, LALÍN, PADRÓN

MONTERROSO, VILALBA

OURENSE, VIGO

ÍNDICE

1. Quenes Somos.....	6
2. Obxectivos	7
3. Actividades permanentes	9
4. Perfil dos usuarios.....	11
5. Metodoloxía	13
6. Proxectos desenvolvidos.....	18
7. Participación en outros eventos.....	25

As Aulas de Santiago de Compostela	27
--	----

Horario	29
---------------	----

Actividades complementarias	30
-----------------------------------	----

Excursións e visitas Culturais.....	35
-------------------------------------	----

As Aulas de A Coruña.....	39
---------------------------	----

Horario	42
---------------	----

Actividades complementarias	43
-----------------------------------	----

Excursións e visitas Culturais.....	45
-------------------------------------	----

As Aulas de Ferrol.....	55
-------------------------	----

Horario	57
---------------	----

Actividades complementarias	58
-----------------------------------	----

Excursións e visitas Culturais.....	60
-------------------------------------	----

As Aulas de Lalín	63
--------------------------------	-----------

 Horario	64
--------------------------	-----------

 Actividades complementarias	67
--	-----------

 Excursións e visitas Culturais.....	67
--	-----------

As Aulas de Padrón.....	71
--------------------------------	-----------

 Horario	73
--------------------------	-----------

 Actividades complementarias	75
--	-----------

As Aulas de Monterroso	77
-------------------------------------	-----------

 Horario	78
--------------------------	-----------

 Actividades complementarias	79
--	-----------

As Aulas de Vilalba.....	81
---------------------------------	-----------

 Horario	83
--------------------------	-----------

As Aulas de Ourense	85
----------------------------------	-----------

 Horario	87
--------------------------	-----------

 Actividades complementarias	88
--	-----------

 Excursións e visitas Culturais.....	97
--	-----------

As Aulas de Vigo	99
-------------------------------	-----------

 Horario	101
--------------------------	------------

 Actividades complementarias	102
--	------------

Excursións e visitas Culturais.....106

Colaboradores.....111

2. QUENES SOMOS

A **Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos** é unha entidade sen fin de lucro, **colaboradora da Xunta de Galicia**, na que están integradas as Aulas Senior de Galicia- ATEGAL.

Empezan a funcionar no curso 1978/79, da man do coñecido P. Francisco Gómez, seguindo o exemplo das “Universidades de Terceira Idade” fundadas por Pierre Vellás cinco anos antes en Toulouse (Francia) e sendo pioneiras no que hoxe coñecemos como envellecemento activo. Este curso conmemoramos os 40 de formación permanente de xeito interrompido en Galicia.

Está entidade recoñecida como entidade prestadora de Servizos Sociais pola Xunta de Galicia. O 17 de decembro de 1993 a entidade recibiu a “Medalla de Prata ao Mérito Cidadán” polo Concello de Santiago e recibimos de Cruz Vermella Española o recoñecemento á Acción Voluntaria en Madrid o 14 de maio de 2002. É dende o ano 2019, Entidade de Acción Voluntaria.

ATEGAL foi, dende a súa fundación polo R.P. Francisco Gómez Fernández S.J., en 1978, Membros Titulares da Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade (A.I.U.T.A) Tamén na actualidade son Membros Fundadores da Confederación Española de Aulas da Terceira Idade (CEATE).

Baixo a Presidencia de P. Rafael Romero Valencia, as Aulas conseguen mellorar notablemente a súa situación económica e comeza unha fase de renovación continua en todas as sedes. Durante á primeira década do 2000, varios proxectos das Aulas Senior de Galicia (ATEGAL) foron premiados pola Obra Social Caja Madrid, a Obra Social Viure y Conviure de Caixa Catalunya, a Fundación Pedro Barrié de la Maza, Obra Social Bancaja e recentemente Kutxabank. Así mesmo, hai que destacar a colaboración entre esta entidade e os Concellos, nos que hai sede de ATEGAL, así como coas tres Universidades Galegas para a realización do Practicum dos seus alumnos e a posta en marcha de proxectos anuais sempre novidosos e de interese para as persoas maiores.

En marzo do ano 2017 renóvase a xunta directiva e o P. Rafael Romero é nomeado presidente de honor da entidade. Asume a presidencia D. Angel Fagilde Trabada, que exerceu de tesoureiro dende a fundación da Asociación, e coñece de cerca a Asociación e aos seus asociados. O P. Rafael Romero faleceu o 24 de novembro de 2020, deixando un gran baleiro en todos nós pero confiando máis que nunca en ATEGAL e o seu futuro. A xunta directiva renovouse en marzo de 2021, sendo elixido Presidente, por unanimidade, D. Angel Fagilde Trabada.

Na actualidade teñen sede en nove cidades: Santiago, A Coruña, Padrón, Ferrol, Lalín, Vigo, Ourense, Vilalba e Monterroso .

As Aulas de Santiago de Compostela, Ferrol, Ourense e Vigo forman parte do consello municipal de persoas maiores das distintas localidades.

3. OBXECTIVOS

O motivo da actuación é a promoción sociocultural das persoas adultas que desexen perfeccionar a súa formación integral, contribuíndo á elevación do nivel cultural da sociedade galega.

Os obxectivos xerais da entidade son :

- Coordinar e desenvolver as funcións das AULAS SENIOR na Comunidade Autónoma Galega.
- O desenvolvemento de proxectos e programas que axuden a elevar os niveis educativos das persoas maiores.
- Estudar e investigar aspectos relacionados na formación permanente de adultos e problemáticas das persoas maiores.
- O intercambio de experiencias e actividades encamiñadas á mellora da calidade de vida e benestar das persoas maiores por medio de plans pedagóxicos apropiados para eles.

- Coordinar as relacións cos órganos da Administración Autonómica e outros de carácter nacional e internacional que teñan misións dirixidas ás persoas maiores.
- A promoción e desenvolvemento de programas del voluntariado cultural e social dos maiores así como as actividades que favorezan a participación activa e creativa dos mesmos.
- A defensa dos intereses comúns das AULAS SENIOR DE Galicia (ATEGAL), así como a prestación de servizos de asesoría técnica e pedagóxica aos seus membros.

Para levar a cabo estes obxectivos a Asociación realiza as seguintes actuacións:

- Imparte con carácter permanente, de outubro a maio, actividades, principalmente de xeito presencial, en catro grandes áreas de coñecemento, nas nove sedes de ATEGAL en Galicia, como se explica no seguinte apartado.
- Colabora coas distintas Administracións Públicas de ámbito autonómico e estatal mediante a realización de estudos e actuacións específicas sobre a formación permanente de adultos, emitindo os informes que lle soliciten e propoñendo a adopción de medidas para unha eficaz xestión dos recursos utilizados pola terceira idade.
- Realízase o seguimento e avaliación dos programas e experiencias levadas a cabo por ATEGAL.
- Favorece acordos e convenios con órganos públicos e privados de carácter cultural e formativo e de forma especial coas Universidades Galegas.
- Busca e promove fontes de financiamento, subvencións e axudas económicas para alcanzar os fins establecidos e para o desenvolvemento dos proxectos da Asociación.
- Organiza e coordina cursos, xornadas, seminarios, congresos e todo tipo de actividades que contribúan á formación, reciclaxe e intercambio de experiencias de directivos, profesores, técnicos e colaboradores de ATEGAL e programas socioculturais similares a favor dos maiores.
- Desenvolve programas de voluntariado cultural e social que sirvan para que as persoas maiores poidan seguir activas, participativas e presentes na sociedade.

- Promove xornadas de formación para as persoas maiores en zonas rurais e comarcais dependentes de ATEGAL.
- Edita material impreso, boletíns, revistas, así como material fotográfico, vídeos, publicacións multimedia e de calquera outro tipo de publicacións en apoio das actividades propias da Asociación.

4. ACTIVIDADES PERMANENTES

Nas nove sedes de ATEGAL impártense seminarios dunha hora de duración ou de dúas horas á semana, das seguintes temáticas.



Galego, inglés, francés, historia da arte e de Galicia, xeografía, historia viva, literatura española e galega, portugués, ciencia, cine, filosofía...



Debuxo e pintura ao óleo, pintura en tea, traballos manuais, música, solfeo, rondalla, teatro, informática, tabletas e smartphones.



loga, pilates, ximnasia de mantemento, taichí, obradoiro de memoria, habilidades sociais, risoterapia, danzaterapia, alimentación saudable, nutrición, camiñatas,



Celebración de magosto, Nadal, Entroido, letras galegas, viaxes e visitas culturais a museos e exposicións, inauguracións e clausuras do curso, participación en encontros e congresos, viaxe anual de fin de curso

O curso comeza a principios do mes de outubro e dura ata finais de maio.

A raíz da COVID-19, desenvolvemos unha plataforma de formación online en moodle, de xeito que compaxinamos a formación presencial coa telemática, nun formato híbrido. <https://formacion.ategal.com/login/index.php>

Entón, cada alumno ademais de asistir as clases presenciais pode acceder con usuario e contrasinal á plataforma de formación e participar nas 5 actividades que se imparten semanalmente na plataforma

- Tecnoloxía
- Francés
- Club de lectura
- Estimulación cognitiva
- ¿Hoy hablamos de...?

Ademais das actividades que teñen carácter permanente, xa mencionadas anteriormente, ofértanse outras actividades complementarias, diferentes en cada sede, como algunhas que detallamos a continuación:

- Conferencias periódicas sobre Saúde e Benestar impartidas por profesionais do ámbito sanitario. As últimas centradas na Alimentación
- Xornadas de Animación á Lectura nas que os nosos alumnos acoden a centros escolares facendo representacións de conta contos.
- Asistencia semanal aos concertos do Auditorio de Galicia.
- Programa de saúde, con asistencia a varios balnearios de Galicia en sesións de mañá ou de tarde.
- Actividade física na auga. Programa Awasán e no balneario de Cuntis.
- Actividades Interxeneracionais, levadas a cabo con alumnos de Ategal e alumnos das Universidade galegas, de centros escolares ou amigos e familiares.
- Viaxes culturais pola contorna para o coñecemento do patrimonio cultural, artístico e natural
- Testeo de produtos e servizos innovadores para as persoas maiores, a través do Senior Lab

- Encontro Rexional das Aulas de Galicia, unha vez ao ano.
- Inauguración e clausuras oficiais dos cursos. No 2022 realizamos a inauguración do curso 2022-2023 o pasado 16 de novembro de 2022 en Santiago de Compostela.

5. PERFIL DOS USUARIOS

ATEGAL está aberto a todas as persoas de 55 ou máis anos, da Comunidade Autónoma de Galicia. Actualmente os nosos alumnos ascenden ao redor de 927 persoas.

Para pertencer a Asociación é suficiente con pagar a cota anual de inscrición que da dereito ao carné de membro de ATEGAL e asistir as actividades e eventos que son gratuítos, ademais das vantaxes que en cada curso académico inclúe.

A duración das actividades é o calendario académico, de outubro a maio, e a data límite de inscrición e polo xeral en setembro e outubro.

O alumnado de ATEGAL son principalmente as mulleres, mentres que ano tras ano aumenta o número de homes, atraídos por actividades como as linguas modernas, pintura ao óleo ou novas tecnoloxías. Estes son máis reticentes a participar nas actividades de carácter físico.

O alumnado de ATEGAL define a institución como un centro de formación sociocultural que lles axuda a mellorar a súa calidade de vida e a permanecer activos

O grado de satisfacción é excepcional e o 90% de matriculados repiten ano tras ano.

O perfil dos maiores en Galicia é moi diverso, hai moita poboación nas zonas rurais e o seu perfil non é o mesmo que o das zonas urbanas, en parte porque as necesidades e circunstancias son distintas. Pero se falamos en termos xerais si podemos dicir que cada vez son máis conscientes da importancia de saber envellecer, dos beneficios que experimentan ao realizar actividades físicas e cognitivas, e ademais o nivel de formación é cada vez maior. Polo tanto hai que ter todo isto en conta e saber adaptarse a cada perfil e ofertar actividades que satisfagan estas demandas, e por suposto estar á vangarda do que vai xurdindo.

En xeral, temos que destacar á diversidade do colectivo de persoas coas que traballamos e ser moi consciente diso para poder “personalizar” na medida das nosas posibilidades ao proxecto de vida que cada quen quere desenvolver.

Traballamos para abrir esta etapa da vida á novos camiños, novas inquedanzas, coidar o corpo, comprometerse coa sociedade, promover a participación, buscar recursos para un envellecemento satisfactorio e loitar contra a discriminación pola idade. É dicir, como conmemoramos cada 1 de outubro, o día do Maior, camiñar por unha sociedade máis xusta para todas as idades.

1 de outubro - Día de las Personas Mayores

QUE CADA PASO NOS ACERQUE A UNA SOCIEDAD MÁIS JUSTA




#EstamosEnElCamino

#STOPEDADISMO

6. METODOLOXÍA

A forma de facer e proceder en ATEGAL é froito da experiencia acumulada nestes anos de experiencia pero sen perder a noción do tempo, é dicir tendo moi presente que a poboación vai cambiando e nós debemos facelo con ela. Cos seus intereses e novos modelos e ferramentas.



ATEGAL, como centro de formación réxese por cursos académicos, de setembro a xuño. Os alumnos matricúlanse en setembro para o comezo das clases no mes

de outubro. E normalmente terminamos no mes de maio ou xuño, as clases presenciais.

Coa matrícula elixen a que actividades queren asistir nas tres grandes áreas descritas: **cultural, ocupacional e da saúde.**

Para a matrícula se cumprimentan dous formularios:

- O primeiro, cuns datos de identificación básicos, que se incorporan á base de datos de alumnos.
- O segundo é un formulario coas actividades escollidas para o curso académico. Ambos formularios están suxeitos e adaptados á Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Os alumnos elixen non só por intereses se non tamén en función do horario fixado para as mesmas. Así, por exemplo, unha persoa pode vir os martes e xoves ás 10:30h a loga e os luns a Literatura as 18h.

Cada alumno abona unha taxa de matrícula, para gastos xerais da entidade, e logo abona o custo aproximado, que está subvencionado, das actividades nas que está matriculado. A matrícula ascende a 18€ ao mes, segundo o calendario académico, e a maiores os alumnos pagan en función das actividades nas que se matriculan.

Cada alumno de ATEGAL matriculado ten dereito a :

- Carné identificativo do alumnado de ATEGAL, co que ten vantaxes en comercios, museos ou administracións, coas que ATEGAL firma convenios de colaboración.
- Actividades de formación gratuítas organizadas por ATEGAL ao longo do curso, que en cada sede son distintas.
- Asistir ás celebracións, visitas culturais, viaxes, excursións, congresos, xornadas interxeneracionais, que organiza a entidade ao longo do curso.
- Acceso personalizado á plataforma de formación online propia.
<https://formacion.ategal.com/>

Impártese unha media de 45 horas semanais e 16 seminarios distintos por sede, entre as tres áreas descritas.

A maiores, sempre se ofertan algúns obradoiros ou seminarios máis breves, 2 meses máis ou menos, sobre temas que vemos que poden ser demandados e que poden ser abordados en menos tempo.

Así mesmo, intentamos introducir cada vez máis as TI na Aula, para que nosos alumnos as utilicen como ferramentas útiles de coñecemento. Os profesores progresivamente van introducindo na súas materias recursos formativos on-line como complemento á formación presencial recibida.

ATEGAL leva apostando dende o ano 2004 fortemente polas TIC na Aula e dende o ano 2012 introduciu cursos de manexo básico de tabletas e smartphones gratuítos para os seus alumnos. Isto produce, entre outras cosas, que teñamos na actualidade un programa de estimulación cognitiva a través do ordenador en varias das nosas sedes **NeuronUP** e desenvolvemos unha **APP propia** para xestión dos usuarios, información e posta ao día das novidades da Aula, así como un acceso aos contidos da plataforma.



A metodoloxía na Aula debe promover a autonomía de cada asistente e a participación, somos conscientes da parcela de formación que ofrecemos, é de calidade, rigorosa, non regrada e non obrigatoria. O noso alumnado quere aprender, mellorar, pero tamén compartir, tanto coñecemento como experiencia, como o seu tempo. O estar a gusto e saber que se me ten en conta é algo que valoran todos os asistentes.

Foméntase:

- O intercambio de experiencias entre os participantes, crear grupo.
- As actividades interxeneracionais puntuais e permanentes, os profesores co alumnado, o alumnado co alumnado de prácticas, e maiores con nenos

- Actividades interdisciplinarias, para a convivencia de todo o alumnado da sede e como algo enriquecedor para a formación.
- De forma transversal se busca estar cos tempos actuais: tanto ó día coas noticias de actualidade que promovan unha charla, unha visita, unha acción solidaria, etc...como reciclando ao persoal para saber adaptarse ao perfil diverso dos maiores actuais.

Cada profesor, ao terminar o seu taller, presenta unha memoria de como evolucionou o grupo, que melloras se poden introducir de cara ao próximo curso e a satisfacción dos seu alumnado.

O contacto permanente dos responsables da entidade co alumnado, permite detectar rapidamente calquera incidencia que poida xurdir.

No 2020 púxose en marcha o proxecto **Aulas +Social** porque detectamos un baleiro na atención prestada, é dicir, cando por motivos de fragilidade física, social ou cognitiva non poden acudir presencialmente ás nosas sedes, que continuidade e servizo ofertamos aos alumnos de ATEGAL? ¿Ao mesmo tempo, atendemos todo o que podemos a todos os alumnos que asisten as nosas aulas a actividades? E dicir, ¿hai servizos que sabemos necesarios que non podemos ofrecer?

Este proxecto tivo continuidade ao longo do ano 2022 e acabamos de darlle unha nova volta. Non se puideron levar adiante moitas das iniciativas pois a COVID-19 afectou de cheo a todas as entidades, pero tamén serviu para replantexar accións.

Estamos seguros que: o futuro segue pasando pola **educación**, para xerar recursos que permitan afrontar as dificultades da vida en mellor posición e nos permitan superalas, e tamén pola vida en **comunidade**, cada día temos máis claro que todos somos vulnerables, que todos precisamos axuda e que a comunidade, familia, amigos, voluntariado é a rede que temos que mimar e coidar para que nos sintamos tamén coidados e atendidos.

7. PROXECTOS DESENVOLVIDOS

A **Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos**, na que están integradas As AULAS Senior de Galicia, ATEGAL, presentou para o ano 2022 os seguintes proxectos, a maiores do proxecto de envellecemento activo de Aulas que desenvolvemos con carácter permanente nas nosas sedes.

1. Participamos no Proxecto ASISTE. Aplicación en colaboración con AMTEGA

Comezamos no ano 2020, co testeo da aplicación ASIST. GAL en colaboración permanente cos técnicos de Indra e o seguimento coa AMTEGA. Este testeo continuou no 2021 puntualmente coas actualizacións da APP, a posta a disposición da mesma no marketplace de Google en aberto e cando se adaptou a tecnoloxía a calquera pulseira intelixente.

Durante o ano 2022 impartíuse formación en diferentes puntos de Galicia a través das Aulas Cemit (Ribadavia, Santiago de Compostela, Lugo, etc.) . Esta formación ía orientada cara os e as técnicas das Aulas Cemit, así como profesionais do sector socio-sanitario dos concellos.



2. Programa de Voluntariado Senior

Para dar continuidade **ao proxecto educativo** iniciado fai máis de 50 anos por o Irmán Gómez en el Colexio San Francisco Javier con un proxecto de **innovación social**

- Porque estamos situados nun espazo único, centro neurálxico dos colexios de Santiago, que xurde de maneira natural ter un espazo físico de referencia para as **actividades interxeneracionais**.
- Para promover un espazo **de conciliación** no só dos pais senón tamén dos avós que se encargan de coidar con frecuencia a os seus netos.
- Como unha actividade permanente de empoderamento das persoas maiores e de potenciar o **Talento senior**, durante este ano 2022 tivemos recoñecido este labor, na man do noso voluntario Manuel Araujo Friz da Sede de Ourense, o cal foi premiado a nivel estatal pola súa labor de Voluntariado Senior o pasado 5 de novembro de 2022.



En definitiva a clave do proxecto está na **coordinación e optimización de recursos** desde un marco conceptual centrado nas persoas.

Este proxecto se enmarca dentro do programa de Voluntariado Senior apoiado pola Dirección Xeral de Voluntariado.

Atendendo á súa finalidade, toda práctica interxeneracional pretende acadar o obxectivo DUNHA SOCIEDADE PARA TODAS E TODOS, unha expresión que propuxo Nacións Unidas non só para dar cabida a todas as idades senón para responder ás súas necesidades e procurarlles unha maior calidade de vida.

Este experiencias de relación e cooperación entre persoas de diferentes idades, orientadas a favorecer a transmisión e intercambio de coñecementos, competencias e

valores, e que ademais de posibilitar o enriquecemento persoal e grupal, poden contribuír activamente á cohesión e desenvolvemento comunitarios.

Con este **Espazo interxeneracional**, inaugurado en setembro de 2018, temos acadado que as actividades interxeneracionais estean integradas na vida a organización e estean completamente normalizadas. Temos convertido as Aulas Senior, nunhas **Aulas + Social** chea de xente nova, universitarios, mozas e mozos de instituto, adultos novos, fillos dos traballadores, netos dos usuarios, etc..

Algunhas das actividades realizadas foron:

- **ALFOMBRA FLORAL:** Traballo colectivo de recuperación e conservacións das tradicións, neste caso aproveitando a festividade do Corpus.



- **AS FLORES DE SAN XOÁN:** Actividade interxeneracional de recoñecemento e busca das flores e herbas típicas da noite máxica galega por excelencia, empregando unha metodoloxía dinámica e interactiva a través dun xogos con pistas a seguir e ademais todos os participantes levaron unha mostra para continuar coa tradición na casa.



- Con motivo do día das Persoas Maiores o día 1 de outubro de 2022, realizamos un Obradoiro de Cerámica Interxeneracional en Santiago.



3. Programa Senior Lab

Con este programa intentamos consolidar ATEGAL Senior Lab. Nexo de unión entre empresas, administracións e entidades e persoas maiores.

ATEGAL SeniorLab é un laboratorio de innovación que nace baixo esta necesidade de abordar as oportunidades e/ou desafíos que o fenómeno da vellez e envellecemento trae consigo dende un punto de vista diferente, dándolle todo o protagonismo ás persoas maiores e que sexan ele os que nos indiquen o camiño no que temos que traballar entidades, administracións e empresas, para construír o futuro da nosa comunidade, para que **traballando con eles e non só para eles** consigamos prepararnos para o futuro que temos á volta da esquina e

ao cambio de rol que nos espera.

Este ano testeamos varios produtos tecnolóxicos, froito da nosa colaboración co Cluster da Saúde a través do proxecto IT4AHA.

- **Enna: Tablet pensada para persoas maiores máis dependentes:**
- **Myontec: Medias intelixentes, con sensores de saúde.**
- **Celia. Asistente Virtual por voz.**



4. Novo discurso fronte ao reto da lonxevidade. Aulas +Social

En Ategal levamos máis de 44 anos desenvolvendo proxectos para a promoción do envellecemento activo en clave de saúde e benestar a través dun potente modelo que xira ao redor da aprendizaxe permanente ao longo da vida.



Na actualidade, é necesario replantexar este modelo, porque as persoas maiores evolucionan de forma diferente, deben

afrontar novos escenarios no esperados, con cambios moi rápidos e que provocan inseguridades non previstas, para as que debemos buscar novas respostas. O mundo enteiro envellece, Galicia envellece e os nosos socios e socias tamén.

É hora de madurar e dotar a Ategal de **Aulas +Social** para seguir sendo un referente no proceso de cumprir anos adaptativamente e continuar traballando para garantir o bo trato cara as persoas maiores.

Queremos continuar traballando baixo un paradigma de desenvolvemento, fomentando accións de transformación e innovación social, en definitiva, ofrecer un servizo integral e personalizado na idade adulta.

Aulas +Social, naceu co fin de acompañar e apoiar na conquista de todas as etapas da vida, a través de un espazo físico de referencia, dun profesional con novas competencias e xunto cun grupo motor conformado por socios e socias voluntarios/as de Ategal que conecte persoas e recursos, problemas con solucións, necesidades con posibilidades e expectativas con respostas, para favorecer a inclusión en “este novo modelo de envellecemento” de todos estes “maiores” que despregan comportamentos e demandas sociais moi diferentes a os seus antecesores, que rexeitan ser categorizados en virtude de súa idade e impugnan o rol clásico do “maior” así como para sistematizar a axuda mutua exercida por Ategal, informalmente ao longo de todos estes aos, en esa segunda etapa marcada polo inicio das situacións de fragilidade e por suposto nunha posible fase na que sexa xa necesario a planificación e acceso aos coidados.



Fundación "la Caixa"

Aulas +Social é un espazo máis de Ategal, que outorga ao concepto de educación unha dimensión social. O entendemos

como un modelo de innovación social.

Este modelo foi tratado dentro do Programa Senior Innovation Lab desenvolto pola USC no derradeiro trimestre do ano.

Ofrécese un servizo, **“Aquí, agora y Contigo”**, co que pretendemos dar un paso adiante na atención global e personalizada a todo o alumnado.



SENIOR INNOVATION LAB

Aprende mediante seminarios e talleres prácticos planificados sobre innovación social, produto mínimo viable, comunicación efectiva e traballo interdisciplinar

21 e 28 de outubro e 4, 11, 18 e 25 de novembro, de 10:00 a 13:00 horas. Evento final o 2 de decembro.
 Data límite de Inscripción: 14 de outubro

Lugar de Celebración:
Centro de Estudos Avanzados.
 Parque de Vista Alegre, rúa Salvadas s/n.
 15705. Santiago de Compostela

Recoñecemento de créditos: 2 ECTS para estudiantado de grao.
 Recoñecido pola EDIUS para estudiantado de doutoramento.

 @SeniorInnovation
 @SeninnLab
 @seniorinnovationlab

 Máis información:
senior.innovation@usc.es







Y por suposto continuamos con:

- **Colaboramos coa Cátedra de Cruz Vermella” e a USC.** USC
 Compartimos actividades e xuntos traballamos por poñer en valor o talento senior.
- **Alumnos en prácticum.** Temos convenios de colaboración coas facultades de Psicoloxía, Pedagogía, Educación Social e Traballo Social da USC, de Socioloxía da UDC para que os alumnos poidan realizar o prácticum nas nosas sedes. Tamén acollemos a alumnos dos ciclos de Animación socio-cultural e do Máster de Xerontoloxía e de Igualdade.
- **Neuron up, Estimulación cognitiva on-line.** É unha aposta pola tecnoloxía unida á formación permanente de calidade e en aras de adaptarnos aos maiores, máis independentes e que queren unha formación continuada sen os parones estivais e en todo momento.
 Pioneiros en utilizar esta ferramenta, cada día ten máis adeptos e xenérase máis dependencia ás sesións realizadas
 Neste eido contamos coa colaboración con Caixabank



8. PARTICIPACIÓN DE ATEGAL EN EVENTOS

ATEGAL participou como convidada nas seguintes actividades durante o ano 2022

Poñente no Congreso ACDGAL, Asociación de Centros de Día de Galicia.

Da. Patricia Álvarez, profesora de TI da entidade participou neste congreso sobre a importancia e o uso da tecnoloxía nas persoas maiores.



Axuntamos enlace ao video resumo do mesmo.

 <https://cutt.ly/CMQhXxt>

Comité executivo do Forum Riess 2022

Acto anual organizado polo Cluster da Saúde onde se recoñecen a empresas, iniciativas e proxectos innovadores no eido da saúde



SIL 2022, Senior Innovation Lab da USC



seniorinnovationlab 🌐 Xa arrancou o @seniorinnovationlab !

📌 O venres foi a primeira sesión no Centro de Estudos Avanzados da @universidade_usc

► Iniciamos o codiseño traballando man a man con representantes das entidades do sector e alumnado de grao, máster, doutoramento e IV ciclo da USC

Ou alumnado da Universidade de Santiago de Compostela seguirá traballando os venres de outubro e novembro na versión do idosa

Aulas Senior

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Virxe da Cerca, 31
15703-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno. 981 58 15 33
coordinacion@ategal.com

AS AULAS SENIOR DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As Aulas Senior de Santiago, a través da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos pertencen á Confederación Española de Aulas da Terceira Idade (CEATE) como membros asociados. Son membros así mesmo do Consello Sectorial Municipal das Persoas Maiores.

En Ategal Santiago están matriculados 131 alumnos/as.

O curso académico comeza no mes de outubro e remata no mes de maio, neste período durante os meses de setembro e xuño, seguimos con actividades de charlas e visitas ás exposicións na cidade, tamén viaxes culturais dun día, e rematamos co viaxe de fin de curso.

HORARIO ATEGAL SANTIAGO CURSO 22/23

**3 OUTUBRO COMEZAN
AS ACTIVIDADES**



**Tlf: 618184344/981581533
administracion@ategal.com**

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Pintura 10:30 - 12:30h 17:00- 19:00h	loga 10:30- 11:30 h 11:30/12:30h Informática 1 11:30-12:30h Informática 2 18:00- 19:00h Memoria 17:30 - 19h Historia do arte 19:00- 20:00 h Ximnasia 19:00-20:00h Dúbdas móvil 19:00- 20:00 h	Pilates 11:30- 12:30h Acuarela 11:00-12:30h Inglés NM 17:00 - 18:00h N.AV18:00- 19:00h Coro 17:30- 18:30 h	loga 10:30- 11:30 h 11:30/12:30h Informática 1 11:30-12:30h Informática 2 18:00- 19:00h Historia 19:00- 20:00 h Ximnasia 19:00-20:00h	Pilates 11:30- 12:30h

PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO POR ÁREAS

CURSO 22-23

ÁREA CULTURAL	ÁREA OCUPACIONAL	ÁREA DA SAÚDE
70	30	38

ACTIVIDADES FORMATIVAS OU OBRADOIROS BREVES

- 19 de febreiro: Actividade Interxeneracional entre alumnado de Ategal e alumnado de psicoloxía da USC.
- Durante o mes de marzo, as clases de Historia estiveron adicadas as raiñas da Idade Media.
- 7 de marzo de 2022: Charla sobre mulleres pintoras, impartida por Victoria Tizón.
- 8 de marzo de 2022: Con motivo da celebración do día da muller, o alumnado de prácticas da Escola de Traballo Social da USC organizaron un roteiro feminista no cal se percorreron distintos puntos da cidade onde están representadas mulleres ilustres da historia galega.
- 9 de marzo ao 23 de marzo: Participamos na campaña de Ecoembes para o reciclaxe, a través da aplicación de Ecoembes cos códigos QR dos produtos.
- 15 de marzo: Curso sobre primeiros auxilios impartido polo alumnado da escola de enfermería.
- 24 de marzo: Concluímos a campaña de Ecoembes cun taller de Reciclos.
- 31 de marzo: Visita do alumnado de Cambridge a Ategal compartindo uns obradoiros bilingües.. Proxecto de colaboración entre as dúas entidades, recepción no Concello, visita ao patrimonio da USC e presentación da cidade polos alumnos de Santiago.
- Do 19 de abril: ao 13 de maio de 2022: Taller “Proxecto de vida” impartido por unha alumna de prácticas de Educación Social da USC.
- 12 de maio: Taller sobre” Alexa e as súas aplicación” impartido pola Fundación Esplai.
- 12 de maio: Ciclo de Charlas “Sumando Calidade de Vida “unha charla a semana.
- 6 de xuño: Ciclo de charlas sobre Astronomía, durante tres luns, vía streaming, en colaboración coa Fundación Alicia y Guillermo.

- 20 de xuño: Actividade interxeracional Taller de Herbas de San Xoán para dar a coñecer as súas propiedades, participaron o alumnado de ATEGAL e os nenos/as achegados a estes.



- 15 de xuño: Actividade Interxeneracional, Confección dunha alfombra floral (celebración do Corpus Cristi) da man do alumnado de ATEGAL e dos nenos/as vinculados á institución.



- 21 de xuño de 2022. Clausura oficial do Curso 2021-2022



- 20 e 27 de xuño: Taller sobre os teares. Práctica na Aula



- 17 de outubro: Charla sobre “Arte e Muller” por Guillermina Domínguez, dentro da Plataforma.

<https://formacion.ategal.com/login/index.php>



24 de outubro de 2022: Charla “O Feminismo. Tips para entendelo” impartido por Da. Uxía González Ferreiro



- 3,10,17 de novembro de 2022: Charlas de participación cidadán, impartidas pola Asociación Educación solidariedade de Galicia



- 16 de novembro de 2022: Inauguración Oficial do curso, misa do peregrino e comida de confraternidade e visitas culturais.





- Participación no Proxecto Europeo Celia, unha aplicación móbil para detectar o deterioro colectivo en persoas maiores que viven soas, mediante un asistente de voz virtual.

VISITAS E SAÍDAS CULTURAIS

- 20 xaneiro: Visita a exposición “Esculturas de Jorge Castillo” no museo Gaías na cidade da cultura.
- 27 xaneiro: Visita a exposición “Fotografía do camiño portugués” no Gaia, na cidade da cultura.
- 2 de febreiro: Visita guiada ao Museo do Pobo Galego.
- 16 de febreiro: Visita guiada ao Museo das Peregrinación.
- 7 de abril: Visita a exposición “O camiño portugués. Memoria de mar e pedra” no museo Gaías na cidade da cultura.
- 28 de abril: Visita guiada “As pegadas do camiño” no museo Gaías na cidade da cultura
- 23 de maio: Charla “Las dos urracas” impartida por Victoria Tizón
- 25 de maio: visita a exposición, “Obxecto de desexo, Surrealismo e deseño” no museo Gaías na cidade da cultura
- 15 de xuño: Saída cultural as murallas de Santiago
- 27 ao 30 de xuño: Viaxe fin de curso a Coimbra e Aveiro



- 5 de xullo: Exposición “ Cidades do Tempo” na Fundación Abanca
- 11 de xullo: Charla “Berenguela a grande, princesa de Castela e raíña de León por Victoria Tizón.
- 15 de setembro: Visita Pazo de San Lorenzo



- 18-25 de setembro: Viaxe Internacional Ategal Galicia París-Normandía
- 22 de setembro: Visita Colexiata de Sar
- 28 de setembro: Visita á exposición “ Arte de comezar, arte de rematar” na fundación Abanca
- 29 de setembro Actividade Interxeracional de Cerámica.
- 24 de novembro: Visita á exposición Imaxinaria mostra internacional de Ilustración Contemporánea



- 29 de novembro: Visita á exposición “ Pánico no museo” de María Meijide no museo Eugenio Granell.



Aulas Senior

ATEGAL A CORUÑA

Rúa Fonseca 8
15004-A Coruña
Tfno. 981 21 68 63
coruna@ategal.com

AS AULAS SENIOR DE A CORUÑA

As Aulas da Senior de Coruña, a través da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, forman parte da Confederación Española de Aulas da Terceira Idade (CEATE) como membros asociados.

Forman parte do Programa de Voluntariado Dixital de Galicia impulsando un novo modelo de inclusión dixital, que integre as accións para a alfabetización dixital con outras que permitan aos nosos alumnos, avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC, camiñando cara a innovación social dixital, posibilitando a súa autonomía, participación, colaboración e mellora na súa xestión diaria.

No curso 2022-23 quedaron inscritos como alumnos nas Aulas Senior de A Coruña 75 persoas (homes e mulleres) de máis de 55 anos, de diferentes niveis culturais e socioeconómicos que participaron de maneira asidua nas actividades de carácter permanente da programación. As actividades de carácter xeral están abertas ao público de todas as idades.

No curso 2022/23 están matriculados 75 alumnos/as.

Curso 2022/2023

Comezamos este curso el día 3 de outubro del 2022 de forma presencial e a través da plataforma on-line.

